

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández** e ao través das súa vicevoceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate no Pleno**, sobre o **peche previsto pola Fundación Galicia Obra Social (Afundación) de ABANCA, dos centros de educación Infantil de Lugo e O Poio.**

Exposición de motivos

A obra social das antigas Caixas de Aforro, erguida cos aforros de milleiros de Galegos e Galegas ao longo de décadas, e depositaria dun importante fondo do patrimonio artístico e cultural de Galicia, foi entregada, xunto coas propias Caixas de Aforro, a un banco privado Venezolano por 1003 millóns de euros, despois de recibir mais de 9.000 millóns de axudas públicas.

A entidade resultante, ABANCA, declarou no ano 2014 uns beneficios de 1.157 millóns de euros, unha cifra de negocio redondo que confirma a venda a prezo de saldo denunciada por AGE, dunha Caixa de Aforros esencial para desenvolvemento económico de Galicia. Todo un pelotazo bancario favorecido polo Goberno Galego do Partido popular, quen ademais obstruíu gravemente o funcionamento da Comisión de Investigación Parlamentar constituída para aclarar o desfalco e desaparición das antigas Caixas.

Un pelletazo bancario que non só implicou a desaparición dunha entidade financeira galega, como ferramenta esencial para a dinamización económica do noso país, senón tamén a privatización dunha extensa colección de 5.596 obras de arte, entre as que destacan 2.437 obras pictóricas, 392 esculturas e 2.130 obras gráficas, edificios de grande valor arquitectónico e patrimonial e tamén, da prestación de servizos de atención a maiores, escolas infantís, centros de ensino, etcétera.

Nestas datas a fundación Galicia Obra Social (Afundación) vén de anunciar o peche de dúas Escolas Infantís fundamentais para as comunidades educativas onde se atopan: a EEI do sagrado Corazón en Lugo e a CEI O Campelo de Poio. Dous centros esenciais para a escolarización e proceso de aprendizaxe de nenos e nenas dende os 0 ata os 6 anos e que resultan imprescindibles para a conciliación da vida familiar e laboral das familias destas dúas localidades.

De feito, o peche destas dúas escolas deixaría a preto de 70 familias, non só sen a posibilidade de acceder a un servizo educativo fundamental, senón que faría inviable a conciliación dos horarios laborais e familiares nun contexto de crise como o actual, onde os ingresos das familias son cada día mais baixos.

Trátase, ademais, de dous centros xestionados pola Xunta de Galicia que, deste xeito, está a permitir o desmantelamento de servizos educativos fundamentais para a cidadanía, quen ademais de soste estas entidades cos seus aforros, financiou o seu saneamento con diñeiro público.

Por outra banda, con este peche serían xa tres as escolas infantís pechas pola obra social das antigas caixas dende que no curso 2013 pechara a EEI de Monforte, polo que son quedaría un dos catro centros de educación infantil existentes dende que se acometeu a fusión e posterior venda das Caixas de Aforro de Galicia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a

1. Instar á Fundación Galicia Obra Social (Afundación) de ABANCA a que manteña abertas e en bo funcionamento a Escola de Educación Infantil do Sagrado Corazón en Lugo e o Centro de Educación Infantil O Campelo de Poio, así como o resto dos seus servizos socioeducativos presentes en Galicia.
2. Solicitar a celebración urxente dunha reunión do padroado da Fundación Galicia Obra Social (Afundación) onde ten representación o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia, para analizar a organización, planificación e funcionamento dos servizos educativos e sociais previsto por esta entidade de interese social.

En Compostela, a 3 de xuño do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 03/06/2015 12:55:47

Jose Javier Ron Fernandez na data 03/06/2015 12:55:51

Ramón Vázquez Díaz na data 03/06/2015 12:55:55